

MARCELINO ÁLVAREZ LÓPEZ

CONTOS DE ONTE

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

1999

Ós meus netos, Carlos e Alejandra

Ilustracións: Antonio Palla
Portada: José Tomás Díaz Teijo
Maquetación: Alfredo Erias

© Autor: Marcelino Álvarez López
© Edición: Excmo. Concello de Betanzos
Depósito Legal: C-694/2000
ISBN: 84-923797-4-X
Imprime: LUGAMI. Betanzos

Limiar

*Nunca será de máis o que se poida facer
por estimular a lectura dun libro de contos*

As cidades de Galicia teñen que divulgar os personaxes literarios que nelas naceron, dándoos a coñecer e conservando a súa memoria. No camiño de recuperación de figuras literarias xa desaparecidas, estamos a traballar, analizando o que significaron como persoas individuais e o papel da súa obra dentro do panorama literario galego. Tratamos de facer un labor de afirmación cultural e literaria desde a cidade de Betanzos a través de autores xa desaparecidos porque consideramos que é necesario recuperar o pasado para coñecer a tradición literaria da nosa cidade e tamén cremos que é de xustiza render unha homenaxe aos escritores da zona de Betanzos, que aínda que xa pertencen á historia, poden servir aos escritores de hoxe de exemplo e de sentir que continúan unha liña literaria xa encetada por outros. Neste lugar onde o mundo se chama Betanzos, existe unha tradición de literatura oral, popular e fantástica desde tempos moi remotos, quizais desde o inicio dos tempos. Hai unha tendencia por parte dos brigantinos a narrar sucesos reais ou inventados que teñen case sempre unha finalidade humorística. Don Vicente Risco organizou unha campaña para a recollida de contos populares galegos, sistematizándoos e clasificándoos, traballo que continuarían Don Xosé María Álvarez Blázquez, Don Antonio Fraguas e Don Ricardo Carvalho Calero. Modernamente publicáronse antoloxías do conto e tamén do conto popular galego, sendo crecente o interese por este xénero. Esta tradición de narrativa oral galega tiña lugar en espazos abertos como a feira ou pechados como a lareira, a forxa, a solaina, a botica, a adega, a barbaría... Curiosamente, en Betanzos, aparecen dous lugares importantísimos de propagación do conto, que son a sala de espera da notaria, espacio xerador de contos que recolle e elabora Xulio Cuns, e as

adegas e a mesma Cafetería-Xeladería de Maino, lugares de xestión e de propagación de moitos contos do autor que presentamos, Marcelino Álvarez. No século XX, autores brigantinos dedícanse a escribir estes contos de tradición oral para que sexan lidos (Xulio Cuns) ou incluso representados, como acontece no caso de Manuel Roel. O conto popular non necesita duns lectores particularmente preparados e cunha ampla bagaxe cultural para a súa lectura como esixe o conto literario do século XX, non é unha literatura para unha elite senón que é unha literatura de divertimento instructivo ás veces e estrictamente popular destinada a todos os públicos, instruídos ou non. Marcelino Álvarez retoma a tradición oral e presenta un conxunto de contos elaborados a partir de datos certos, superpoñéndolles gracia expresiva e unha importante carga de imaxinación; todo se subordina a conseguir o efecto de provocar o riso, entroncando directamente co conto de finais do século XIX e comezos do XX, sen preocupacións culturalistas ou de técnica literaria. Os contos son breves e o autor non trata de expandilos senón que practica unha escala reducida na forma de contar. *Contos de Onite* é un conxunto de 24 contos caracterizados pola intención humorística e pola variedade de liñas temáticas que, xunto co nome dos personaxes, se manifestan xa no título («A carne do cocido, de Cristovo»); entre estas liñas temáticas destaca a dos personaxes caracterizados por unha simpleza que os fai padecer atropelos e inxustizas, como acontece con Cristovo a quen a muller alimenta mal, ou co neno Xurxo enganado por un pillo; non falta o personaxe pícaro, Xacobe, quen para fuxir do servizo militar, aparenta ser louco, ou o que non paga no tren e pretende conseguir unha indemnización («O sentido do olfato»); está presente tamén o paisano desconfiado que comproba se no banco hai cartos por temor a perder os seus alí depositados («A desconfianza do paisano»); temas científicos como a teoría da evolución de Charles Darwin en contraste coa explicación bíblica, e a defensa das dúas teorías segundo o caso («A teoría evolucionista de Charles Darwin»); destacando a inxeniosa proposta do «sistema cebola» entre elevadas teorías filosófico-económicas («O sistema cebola») ou unha especie de breve historia do teléfono a través de diferentes anécdotas («O teléfono»); os amores populares non exentos de sentido práctico por parte da muller («O anel de Casilda»). De entre todos os contos, o titulado «O Marqués» é temáticamente o máis complexo e fainos pensar na cousa de Castelao «A Marquesiña», cun final aberto á libre interpretación dos lectores. Na elaboración escrita dos contos, o autor parte do

modelo da literatura oral, o que se manifesta en que o narrador conta o que lle contaron, o que escoitou ou o que presenciou en diferentes espazos públicos como a adega, a sociedade recreativa ou a relaxaría; a oralidade maniféstase tamén na claridade expositiva, na localización xeográfica de personaxes e feitos e nas chamadas ao oínte ou narratario, do que moitas veces solicita a participación: *Así que vostedes, con estas notas, xa poderán facer un retrato de como era o pobriño de Quiquiño* («A teoría evolucionista de Charles Darwin»). O narrador maniféstase como heterodiexético, narrador que coñece os feitos pero que non participa neles, contando o que escoitou («O anel de Casilda»), pero tamén como homodiexético, formando parte da historia que conta como personaxe ou testemuña; é un narrador que quere destacar como personaxe que comenta e fai pequenas digresións, destacando a súa persoa en singular ou en plural: *Eu tiña un amigo, betanceiro el polos catro costados* («Poucos e escolleitos»); opinando: *A min parecíame que Cristovo que era un bo labrego...* («A carne do cocido, de Cristovo»); completando o conto: *O silencio de Inés á pregunta de Cristovo, foi a contestación máis elocuente, e se miramos as caras de ámbolos dous -a de Inés como unha lúa chea, e a de Cristovo de esmirriado; xa sabemos -con certeza-, a onde ía parar a carne do cocido* («A carne do cocido, de Cristovo»); implicando ao lector: *Cristovo, o noso coñecido labrego* («O trancazo de Cristovo»). Os comentarios son variados, involucrándose o narrador persoalmente, cando fala das vantaxes propias da terceira idade, no conto «Cuestión de educación». O narrador pretende dar a impresión de «vida real», falando de personaxes con nomes reais, amigos seus e naturais de Betanzos, que viviron as historias que el conta. Os protagonistas e personaxes dos contos pertencen a traballos diferentes e o narrador individualízalos con nome e apelido ou co nome acompañado do nome da casa, do oficio ou do lugar onde residen, e tamén mediante descrições contrastivas: *Por contra, a súa dona -Inés de nome-, muller de bo ver, de faciana sonrosada, un pouco entrada en carnes, limpa como un coral, rezumaba saúde por tódolos poros da súa pel* («A carne do cocido, de Cristovo»), descrições cheas de expresividade: *Xurxo era un cativo bonito porque si, coa faciana de cor escura, o pelo rizado como un mouro, e uns ollos negros que parecía que despedían raios de luz do expresivos que eran...* («Xurxo»), descrições concentradas e exactas con varias puntos de vista: *Maximino era un home baixiño e chepudo, algo maior en idade que o resto dos*

seus compañeiros, pero segundo todos eles cos que ía de caza, no monte Maximino axigantábase. Coñecía, palmo a palmo, tódolos montes da comarca...(«A cadela de Maximino»). Estes personaxes están situados en Betanzos ou foron nados en Betanzos ou na súa comarca, espacío entre urbano e rural segundo traballen na cidade ou no campo (centro da cidade/San Xiao, o Vinte). Betanzos é o centro ao redor do cal xira todo e, en certa medida, o auténtico protagonista dos contos, nos que se manifesta o sentimento de amor que o autor ten por todos os lugares das Mariñas dos Condes. Dentro deste mundo, hai microespacios importantes como o rural San Xiao, ou os urbanos Liceo, Reloxería, adegas... Pero tamén aparecen outros lugares de Galicia como a Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Chantada, Samos, Noia, e de fóra de Galicia como Barcelona, Madrid, Aranjuez, Villaconejos, o Bierzo, La Rioja e Valencia. Narrador e personaxes betanceiros están intimamente relacionados con este universo que se chama Betanzos, aparecendo como o lugar apropiado para a fantasía que todos eles manifestan xunto co orgullo de ser betanceiros. Os 24 contos configuran unha obra con unidade que lle vén dada por ser esta cidade o espacío central deles, polo narrador, e pola intertextualidade, manifestada en alusións que o narrador fai a contos anteriores e na presenza en varios contos dos mesmos personaxes ou de familiares destes. As mesmas características de gracia expresiva, ton sinxelo e linguaxe viva que Marcelino Álvarez manifesta cando conta oralmente os contos, cousa que coñecemos por ser moitas veces oíntes, mantéñense nos contos escritos; en dúas ocasións, alude a autores literarios como Álvaro Cunqueiro e Carlos Casares, autores de contos tamén, facendo metaliteratura. O conto popular representa un grande papel na historia deste lugar onde o mundo se chama Betanzos, con autores anónimos e outros autores que se dedican a escribilos como Manuel Roel, Xulio Cuns e Marcelino Álvarez; uns e outros conforman un universo creativo, alegre e fantástico cunha positiva e amable visión da realidade. Marcelino Álvarez manifesta coñecer ben a psicoloxía do seu pobo, valorándoa positivamente, nestes contos que poden servir para o día e tamén para a noite. Betanzos, cidade aberta á fantasía e á imaxinación, semella ser o lugar ideal onde os habitantes poden desenvolver estas aptitudes, convertíndose nun enclave importante de creación contística. Resulta particularmente grato presentar un libro de contos cando o conto de tradición oral está a morrer porque as novas xeracións non participan desta forma de comunicación e cultura, por isto pregamos para que os

contos non só sexan a recolleita por escrito e daqueles contos de onte senón que a actividade de contar contos se convirta de novo nunha maneira de disfrutar, ensinando a comunicar e a deleitar; desexamos que teña longa vida, que os contos de onte orixinen os contos de hoxe e os de mañá e que, a través de autores como Marcelino Álvarez e tantos outros, Betanzos, seguindo unha longa tradición, poida ser considerado un entorno real xerador de literatura fantástica e un trasunto literario imaxinario semellante ao mundo de Macondo de García Márquez ou ao de Yoknapatawpha de Faulkner.

Concepción Delgado Corral

I POUCOS E ESCOLLEITOS



Eu tiña un amigo, betanceiro el polos catro costados, e do que presumía en tódalas ocasións que se lle presentaban.

Esta persoa, polo relevante posto profesional que tiña, acudía -con frecuencia-a Congresos e Convencións, e nunha destas ocasións en que acudiu a un Congreso, onde xa se sabe que o de menos é reunirse para falar dos asuntos e problemas que alí os levaron, e o que máis interesa é divertirse «a máis e mellor» os días que dure o Congreso, e sentarse ós banquetes programados, a medio día e á noite; pois como dicía, a este amigo, nun deses banquetes, tocoulle de compañeiro de mesa, un colega que, ás primeiras de cambio espetoulle:

- «Sr. Pérez, ¿e vostede de onde é?»

Ó que o meu amigo contestou, inchando o peito e empregándose con énfase coma sempre que falaba da súa cidade.

- «Pois eu sonlle de Betanzos».

Ó que o primeiro, con cara de asombro, respostou:

- «¿E iso onde está?».

Ó meu amigo, aquela pregunta caeulle coma unha patada na fazula, e reaccionando, non sabía se achacala á incultura do seu interlocutor ou a que lle estivese tomando o pelo; por iso, e dado o lugar e a ocasión en que se atopaban, preferiu darlle toda clase de aclaracións que viñan ó caso, para que soubese onde estaba Betanzos, e unha explicación breve sobre a súa historia e sobre os monumentos arquitectónicos que nel hai; e así que acabou o seu discurso, tamén quixo ser curioso, e mirando para a chapiña que levaba no peito co seu nome, preguntoulle:

- «¿E vostede, logo de onde é, Sr. Llopart?».

- «Pois eu sonlle de Barcelona».

- ¡Ah!, dixo o meu amigo, ¡xa me parecía a min ser dalgún sitio así de grande! ¡Non é ningún mérito ser dun lugar así! De Barcelona deben ser -alomenos- tres ou catro millóns de persoas. O difícil é ser dun lugar como Betanzos, de onde lle é moi difícil ser; ¡sómoslle moi poucos! ¡Poucos e escolleitos!

II

A CARNE DO COCIDO, DE CRISTOVO



Cristovo era pequeno, miúdo, con cara de lampantín, sempre debaixo da súa boina, e dun andar lixeiro; gran fumador, aínda que case sempre ía sen tabaco, polo que andaba a pedilo de cotío, e el non o mercaba, porque a súa dona -que era quen administraba na casa- non lle daba nin un patacón; é dicir «que o traía a caldos», e como logo veremos nunca mellor empregada a frase. Tamén a Cristovo gustáballe tomar, de vez en cando, un neto de viño do país, pero pola mesma razón que co tabaco, Cristovo tiña que valerse de calquera amigo, que o invitara, para beber «un netiño» nalgunha adega que estivera aberta.

A min parecíame que Cristovo que era un bo labrego, xa que o mesmo podaba nas barras que «armaba» os centos de plantóns de repolo (arte na que era un experto, pois os seus «abondosos» feixes raramente levaban máis de setenta e cinco unidades), non comía a fartar, pois o seu aspecto así o revelaba e decatava pouca saúde.

Por contra, a súa dona -Inés de nome-, muller de bo ver, de faciana sonrosada, un pouco entrada en carnes, limpa como un coral, rezumaba saúde por tódolos poros da súa pel.

Cristovo, como dixemos, era labrego, que traballaba terra abondo na montería de San Xiao, laboura na que pouco colaboraba a súa dona. Inés amañaba a casa, coidaba o porco, as galiñas e os coellos que había nas cortes da casa, facía a comida, comía, e logo leváballe a súa ó seu Cristovo a San Xiao, onde lle facía un pouco de compañía.

A comida de Cristovo, con moi poucas variantes, era case sempre unha pota de caldo, unhas patacas cocidas e unha codia de pan; e un día deses de mediados de maio, preto de San Isidro, patrón dos labregos, en que a carón do mediodía a calorciña invita a sentarse a descansar un pouquiño, estaba o noso Cristovo sentado á beira da súa dona, debaixo dun frondoso carballo, despois de comer -como non- a súa pota de caldo, as patacas e o pan, cando preguntou:

- «Inés, ¿ti como fas o caldo?»

- «¡Cristovo!, ¡Ti es parvo! ¿Como vou facer o caldo? Poño a pota ó lume chea de auga para que ferva; e namentres vou limpando as verzas ou os grelos, e xa teño picadiña a pataca que, coas verzas ou os grelos incorpóranse ó final. Así que ferve a auga, boto á pota as fabas, un

pedaciño de unto, un chourizo, e a carne de cocho e de becerro... «

- «¡Iso!, ¡Iso!, interrompeu Cristovo, ¿Onde van parar sempre o chourizo e a carne que a min nunca me tocan?»

O silencio de Inés á pregunta de Cristovo, foi a contestación máis elocuente, e se miramos as caras de ámbolos dous, a de Inés como unha lúa chea, e a de Cristovo de *esmirriado*; xa sabemos -con certeza-, a onde ía parar a carne do cocido.



III

O TRANCAZO DE CRISTOVO

Cristovo, o noso coñecido labrego, colleu este inverno un «tranco», que a pouco o leva ó outro mundo.

Xa sabemos que Cristovo non estaba aló moi sobrado de defensas físicas, pola teima da súa dona de alimentalo soamente de caldo, reservándose para ela tódas as talladas; e tamén sabemos que Inés, a súa dona, era pouco dada a darlle algúns cartos ó seu home, o que o foi acostumando a ser el -tamén- un avaro.

Unha tardiña, na que o sol bañaba a montería de San Xiao, logo de que Cristovo escomenzaba a saír da casa despois do trancazo colleu a corredeira que, dende a súa casa, ía á montería, unha por tomar un pouco o sol, e outra por ver como ían as súas colleitas, que -por mor de ter que gardar cama polo «tranco»-, estaban abandonadas abondo, e atopou co seu veciño Xaquín «de Mauro», quen lle preguntou pola súa saúde e fíxolle presente que non no atopaba de moi bo aspecto.

Cristovo díxolle que xa se ía atopando mellorado, pois a súa dona déralle uns remedios a base de mel e uns emplastos de vinagre con cebola macerada, que lle foran moi ben.

- ¿E por que non vas ó médico?, dixo Xaquín.

- ¡Ti estás tolo!, ¡Ti non sabes o que dis! ¿Ti oíches o que dixo o ministro, que de aquí a pouco non vai haber cartos para pagar as pensións? Póus eu sei, «de boa tinta», que unha das medidas a tomar para aforrar o pago das pensións, é que os médicos da Seguridade Social vaian matando, pouco a pouco, ós pensionistas.

- ¡Cristovo!, ¡Non dis máis que tolerías! Pero aínda que así fora, podes ir a un médico particular.

- Non, xa sabes que a miña Inés non é dada a gastar nin unha «cadela» nin aínda que sexa no médico.

- ¡Home!, podes ir ó pé de meu primo, que -segundo din- non cobra moi caro.

- E se non é moita a pregunta, ¿canto cobra teu primo?, preguntou Cristovo.

- Disque cobra dúas mil pesetas pola primeira consulta e quiñentas pesetas pola segunda,- Respostou Xaquín.

- Pois non me parece moito, tes razón. Ben ¡Adeus!, ata outra mellorada. E así se despediron.

Á mañanciña seguinte, Cristovo tomou a determinación de ir ó pé do médico, o primo de Xaquín, e disposto a aforrarse unhas pesetiñas.

Chegou á consulta, e cando lle tocou a súa vez, entrou no despacho do doutor, como se fose un vello coñecido.

- ¡Como lle vai, doutor! ¡Xa estou aquí outra vez!

- ¡Ola señor!, respostou o médico, convencido de que non coñecía de nada a aquel paciente. ¿E, logo entón como lle vai?

- ¡Mellor, señor!, dixo Cristovo.

- ¡Pois entón nada, siga tomando o mesmo!, dixo o doutor.

- ¡Son cincocentas pesetas!- E despachouno do consultorio.



IV CUESTIÓN DE EDUCACIÓN

Cando se chega á terceira idade, empeza un a ter unha morea de vantaxes: non pagas os medicamentos (aínda que penso que isto non é ningunha vantaxe xa que hai que estar doente), podes adicarte a cultivar aquelas cousas que nunca puideches facer por falta de tempo, organízanche cursiños para entreterse, e excursións para que disfrutes dunhas vacacións que nunca tiveches.

Cristovo e Inés, a súa dona, tamén quixeron disfrutar das vantaxes que a Administración ofrece ós que tiveron a sorte de chegar a esa idade en que te xubilan, e logo ofrécenche todas esas vantaxes.

Como nunca saíran da casa, como quen dí, fóronse a unha axencia de viaxes para informarse das ofertas que se presentaban para este ano.

Unha señorita, moi bonita por certo, e tan atenta como bonita, foilles dando conta dos lugares a onde poderían ir de vacacións, case pagadas polo Estado.

Despois de escoitar atentamente, decidiron ir a Madrid.

E aló se foron en ferrocarril os nosos protagonistas. Nunca fixeran unha viaxe tan longa, e todo lles ía chamando a atención, pero o sumo foi cando empezaron a andar por Madrid, polo medio de tantísima xente e cunha circulación de vehículos que os trastornaba, e visitaron sitios que tiñan gravados nas súas retinas, por velos de seguido na televisión: A Cibeles, a Porta do Sol, a Praza de España, o Palacio Real, os Xardíns de Sabatini, o Retiro, a Casa de Campo, o Zoolóxico, etc. etc. Cristovo e Inés ían de sorpresa en sorpresa, e de asombro en asombro. Todas as visitas estaban xa programadas pola Axencia organizadora, e eran dunha puntualidade esaxerada.

Cando xa levaban varios días en Madrid, anunciáronlles que o día seguinte era libre, para que cada excursionista fixera o que lle viñera en gana.


Cristovo e Inés non querían voltar á casa sen facer unha viaxiña no «metro». E así pola mañanciña, saíron da Residencia a metéronse no «Metro». Os vagón ían cheíños de xente, pero eles, «puxa que puxa», metéronse dentro.

Despois de pasar varias estacións, Cristovo logrou encontrar un asento, e, ó pouco, entablou conversa co seu veciño de viaxe.

- ¡Pero vostede ve!, ¡Que pouca educación! Perdeuse a vergoña e as boas maneiras, xa non se é amable nin coas persoas maiores. ¡Non ve esa farta de rapaciños?. ¡Ningún se ergue para ofrecerlle o seu asento a unha persoa maior!

- ¡Non se queixe, vostede vai sentado! - dixo o seu interlocutor.

- Si, dixo Cristovo, eu si, pero a miña Inés vai de pé. O que lle digo: ¡Hai moi pouca educación!



V XURXO

Xurxo era un cativo bonito porque si, coa faciana de cor escura, o pelo rizado como un mouro, e uns ollos negros que parecía que despedían raios de luz do expresivos que eran. Na súa maneira de ser, era un fervellasverzas, pois pouco era o tempo que estaba quieto; pero formal, educado, amable e atento coa xente coma ningún rapaz. Xurxo andaba sempre limpo que daba gusto velo, pois súa nai traballaba abondo para traer, tanto a Xurxo como a seus irmáns, limpos como coral, e, por enriba de todo isto, Xurxo, ó dicir do seu mestre, era estudioso e intelixente.

Unha mañanciña en que os rapaces tiñan vacación, Xurxo, estaba na Praza do Campo, sentado nas escaleiras de Santo Domingo, cando chegou un coche que aparcou mesmo diante del e do que baixou un señor, ben portado e cunha carteira moi grande debaixo do brazo. Como non vira a ninguén por cerca, achegouse a Xurxo, e preguntoulle:

- Rapaz, ¿ti sabes onde está a Delegación da Facenda?.-

- ¡Si señor! Suba vostede por esa rúa ata riba de todo, e no Pazo que hai á esquerda, que ten soportal, ¡Aí é! - dixo Xurxo.

- ¿E os xulgados?. - Volveu a preguntar o señor.

- ¡Si, señor! Pero mire vostede, é mellor que llos vaia mostrar, porque están en sitios diferentes, e así vostede non anda a perder o tempo.

- ¡Moi amable, rapaz!

E aló foi Xurxo, facendo de guía do señor.

Cando xa pasara un bo pedazo de tempo, e xa Xurxo voltara a sentar nas escaleiras de Santo Domingo, apareceu de novo o señor a deixar a súa carteira no coche e vendo a Xurxo, díxolle:

- ¡Neno!, ¡Eu vou comer!, ¿Queres vir tomar un xelado?.

- ¡Ben!, ¡Por non facerlle un feo, vou facer un esforzo!
dixo Xurxo.

E alá se foi co señor, cara ó restaurante.

Así que se acomodaron no comedor, chegou o camareiro, e o señor díxolle:

- A mín tráíame uns mariscos para entrante, e logo un prato de caldo ben quenteño e unha boa fonte de cocido onde non falte un anaco de lacón; e para o neno, un xelado.

O bo do señor foi dando conta do seu menú, e Xurxo aproveitou para repetir o seu xelado.

Cando o señor acabou o cocido, díxolle a Xurxo:

- ¡Ben!, namentres acabas o xelado, vou facer un recado.

«Xurxo» acabou o xelado, e o señor non voltaba; e así que pasou un pouco de tempo, o camareiro acercouse e espetoulle:

- Parece que o teu pai tarda un pouco ¿Non sí?.
- Meu pai aínda non vén este mes, é mariñeiro e o barco está a pescar nun caladoiro moi lonxano.
- ¡Como que está de viaxe! ¿Non acaba de saír hai un anaco de tempo?

-Preguntou o camareiro.

- ¿Pero de quen está a falar?. ¿Do señor que comeu aí?.
- ¡Naturalmente!
- ¡Ese non é meu pai! ¡Eu estaba sentado na Praza do Campo, e ese señor invitoume a un xelado!



VI PERCEBES

Eu teño un amigo crego, que estivo de párroco nunha parroquia rural, onde a vida era tranquila, agradable e sosegada, e onde a súa laboura espiritual desenvolvíase acougada e pramenteiramente.

O meu amigo crego tiña dúas grandes afeccións: a caza e a investigación nos libros parroquiais. Iso sabíámolo moi ben tódos os seus fregueses, e así, en canto se levantaba a veda da caza, xa o estaban invitando a participar en batidas ó xabarán, ou a ir ás perdices -ave que por certo sabíalle a gloria, e que a súa ama lle preparaba con moito agrado-, ou a buscar uns coellos, ós que tampouco lles facía ascos, despois de ben cociñados. Respecto á súa afección a investigar nos libros da parroquia, veulle de que a xente empezou a ter interese en saber dos seus devanceiros, e ían ó pé do crego para que lles fora axudando a facer a súa árbore xenealóxica, e, dun noutro, foille tomando querencia ó labor.

E aínda que ámbos os dous labores completábanse moi ben, pois un era de grande actividade física e outro sedentario, o meu amigo crego sufriu unha doenza de corazón que o puxo ás portas da morte, e tivo que abandonalas por unha tempada, na que se adicou con máis intensidade ó seu maxisterio doutrinal.

Unha mañá de domingo, despois do catecismo dos nenos, estaba o meu amigo crego no adro da igrexa cos cativos, cando se lle acercou un home de mediana idade, non moi alto e pelo canoso e que, pola pinta e vestimenta, xa se notaba de contado que era un indiano, como así corroborou cando lle dixo ó crego que el nacera na parroquia pero que o levaran para Venezuela sendo un nenito.

Despois de falar un bo rato, o indiano pediulle ó crego se lle podería facilitar datos da súa familia, xa que segundo lle dixeran seus pais, polo menos ata os avós deles, todos naceran na parroquia.

O crego contestoulle que aínda que tiña que tomar coidados coa súa saúde, e o médico xa o tiña moi advertido de que deixara de remexer nos libros parroquiais por unha tempada, ía facer unha excepción con el, e que o esperaba no despacho parroquial o martes ás cinco da tarde xa que o luns tiña que desprazarse a Compostela, onde tiña que resolver uns asuntos no Pazo Arcebispal, e logo ía ser recibido polo señor Arcebispo.

- ¡Home!, dixo o indiano, se a vostede non lle molesta, eu bríndome a levalo a Compostela, xa que teño que facer unha visita que traio duns

amigos de Venezuela, para os seus familiares.

- Por mín, molestia ningunha, senón agradecido pola súa oferta.

Ó chegar á cidade do Apóstolo, conviron en xuntarse de novo á hora do xantar, nun determinado restaurante, onde o crego comía habitualmente nos seus desprazamentos a Compostela.

Chegada a hora do xantar, alí estaban os nosos protagonistas departindo mesa e mantel; e «o indiano» preguntoulle ó crego:

- ¿Que lle parece se empezamos o xantar cunha fonte de percebes?

- ¡Ben! Non son moi indicados para o réxime alimenticio que estou a seguir, pero vou facer unha excepción, soamente para compracelo!

Así que deron boa conta da fonte de percebes, o indiano voltou a preguntar ó crego:

- ¿E agora, que se lle ofrece para segundo prato?

- ¡Non! ¡Non vou facer máis excepcións! A min que me traian un toriño de pescada fervida. - Respostou o crego.

- Pois a min, díxolle «o indiano» ó camareiro, tráíame outra fonte de percebes.


E así que acabaron, «o indiano» voltou a inquirir:

- ¿E de postre, que quere vostede?

- Pois tomarei unha frutiña, tanto me ten unha pera coma unha mazá.

«O indiano» dirixiuse de novo ó camareiro e espetoulle:

- ¡Mira oh! ¡Pois a min de postre, tráíame outra fonte de percebes!



VII SERVIR Ó REI

Xaquín de Mauro serviu ó Rei como voluntario na Mariña, e aínda que as viaxes máis longas que fixera embarcado foran as xiras ós Caneiros, nas festas do San Roque de Betanzos, tanto el como a súa familia sempre tiveron verdadeiro interese porque fora pola Mariña. Como así foi.

Os seus amigos estaban cheos de oírle contar a Xaquín de Mauro as anécdotas que pasaran mentres servía ó Rei; moitas delas certas e moitas imaxinadas, pero é que en canto tomaba máis dun neto de viño do país, xa estaba collendo o fío, ¡e veña Mariña!

Os amigos de Xaquín sabían de memoria quen foran os Xefes, Oficiais, e Suboficiais que tivera mentres facía o seu servizo militar. Sabían de memoria tódos os movementos -individuais e colectivos- que Xaquín de Mauro fixera sobre a explanada do Cuartel de Instrucción, etc. etc., pero onde se extendía Xaquín de Mauro era, por exemplo, cando contaba a impresión que lle causou o acto da Xura da Bandeira e ver tantos Xefes e Oficiais en traxe de gala, os peitos cheos de medallas, e os cordóns de ouro que cruzaban polo peito.

Xaquín de Mauro tamén contaba de cotío como nunha das primeiras veces en que saíu ó paseo, cando aínda estaba no Cuartel de Instrucción e ía con outros compañeiros por unha rúa, pasaron por diante dun hotel, onde na porta estaba unha persoa, con uniforme azul e gorra de prato, cheo de cordóns de ouro e moitos galóns, ó que lle pegaron un saúdo militar en toda regra, pois coidaron que sería un Xefe da Mariña, cando en realidade era o Conserxe do hotel.

Tamén Xaquín de Mauro contaba, en canto tiña ocasión, como cumpríu un arresto que lle impuxera o Xefe da Frota, nunha ocasión en que chegara de visita un barco de guerra. Resulta que Xaquín de Mauro, ía pola rúa e atopou cun amigo que tamén estaba servindo ó Rei, destinado no acoirazado «España», que enarbolaba a insignia do Almirante Xefe; e despois de botar unha boa parola, o amigo invitou a Xaquín de Mauro a que ás tres da tarde do día seguinte visitase o barco no que estaba destinado, e que xa o estaría esperando ó pé da escaleira de subida.

Ó día seguinte, despois de xantar, Xaquín de Mauro pediulle permiso ó seu sarxento para ir visitar ó seu amigo. A tarde de xullo daquel día era unha desas asfixiantes, unha desas en que parece que os paxariños van

caer asados do ceo; e aló se foi Xaquín de Mauro cara ó porto, e de contado avistou aquela mole navegante.

Naquela calorosa hora, o mariñeiro de garda onde a escaleira de entrada ó barco estaba metido debaixo dun toldo, á sombra, e non reparou en Xaquín de Mauro que subiu a bordo. Xaquín de Mauro tampouco viu a ninguén pola cuberta do barco. O Oficial de garda dormitaba unha sesta á sombra dunha toldilla; e Xaquín de Mauro botouse a andar pola cuberta, para tratar de atopar a alguén e preguntarlle polo seu amigo, que quedara de esperalo ó pé da escaleira de entrada.

Nisto oíuse un asubío prolongado que espertou ó Oficial e alertou ó mariñeiro de garda. De seguido escoitouse unha voz potente, do Xefe de día, quen desde aló no alto berraba:

- ¡Oficial! ¿Que fai ese mariñeiro paseando arestora pola cuberta do barco?.

Xaquín «de Mauro», tivo que explicar o motivo polo cal estaba alí. E de novo oíuse a voz do Xefe:

- ¡Que lle impoñan o arresto do día!

Xaquín de Mauro, non cabía dentro do seu uniforme, co medo que tiña pensando no que lle ía pasar.

O Oficial ordenou que pousaran na auga un bote salvavidas, preto da proa do acoirazado, con Xaquín *de Mauro* dentro do bote, e que botaran un cabo dende o bote ó barco, e así que estivo completada a manobra, ordenou:

- ¡Mariñeiro!, ¡Vogue, e remolque o barco, ata a posta do sol!-

E aí teñen a Xaquín de Mauro, remolcando o acoirazado, todo o serán.

Despois de moitos anos, Xaquín de Mauro, quixo lembrar aqueles anos en que servira ó Rei, e decidiu pasar un par de días naquela cidade onde cumpríu os deberes coa Patria, e aloxouse naquel hotel onde o Conserxe vestía uniforme moi semellante ó dos Xefes da Mariña.

E a fe que se divertiu abondo, e cando xa ó segundo día abandonaba o hotel, despois dunha boa resaca e coas ideas non moi claras por iso, dirixiuse á persoa que estaba de uniforme na porta, e díxolle:

- ¡Por favor, pídamme un taxi!

- ¡Señor, vostede trabucouse, eu non son un Conserxe, eu son un Mariño. -Respostoulle.


- ¡Ben, é igual, entón tráíame un barco! - díxolle Xaquín-

VIII O MARQUÉS

Preto da miña aldea, a unha carreiriña de can, hai un Pazo do medioevo propiedade dunha familia nobre, no que, en determinadas épocas, habita un Marqués, herdeiro daqueles devanceiros fidalgos.

O pazo ten arredor uns xardíns cheos de flores e árbores de especies raras no noso contorno, e tamén hai moitas estatuas. E no frontal do edificio, enriba da porta principal ten varios escudos.

Dentro disque hai, tamén, moitas estatuas, algunhas con vestidos da Idade Media, e armaduras das que empregaban os guerreiros antigos, e moitos cadros de personaxes da nobreza pertencentes á familia propietaria do pazo.




O mestre da escola da miña aldea pensou un día pedirlle permiso ó señor Marqués para que os nenos da escola visitasen o pazo e a súas dependencias, os xardíns e arredores para a través de todo coñecer un pouco a historia. E tal como o pensou así fixo e unha mañanciña, á hora do mediodía, alá se foi o mestre a visitar ó señor Marqués, a quen lle espuxo a súa idea, que tivo a mellor das acollidas por parte do señor Marqués, quedando concertada a visita dos colexiais para a semana seguinte.

O día da visita, e á hora prevista, o señor Marqués recibiu na entrada do pazo ó mestre e ós seus alumnos e foilles mostrando as raras especies arbóreas existentes na finca, alongándose nas explicacións sobre a súa procedencia e características, e como chegaran á finca. Xa dentro do pazo, tamén lles foi explicando sobre os escudos e a orixe da familia, e diante de cada cadro un perfil do persoeiro, e así, dende os ancestros ata chegar a un retrato de cando o señor Marqués -último descendente da familia- era un neno de idade, máis ou menos, como a dos colexiais presentes; e neste intre, o señor Marqués reparou nun rapaz que era o vivo retrato do que estaba no cadro, e preguntoulle:

- ¡Rapaz! ¿Túa nai traballou algunha vez no servizo do pazo?

- De que eu saiba, non señor. Quen traballou no pazo foille meu avó, que estivo aquí moitos anos de xardineiro. - Respostou moi correcto o neno.

O señor Marqués fixo como que non oíra, e como xa se acabaran os cadros, deu por terminada a visita, que foi agradecida polo mestre no nome dos seus alumnos.



IX O DEFICIENTE MENTAL

A Xacobe, o fillo do meu amigo Cristovo, chegáballe a hora de ir ó servizo militar, e el non estaba moi de acordo con cumprir o devandito servizo, e sempre que tiña ocasión, así o mostraba.

A súa familia dáballe consellos sobre como lle sería máis doado o facer o servizo militar; e así uns dicíanlle que o fixera na Cruz Vermella, onde por riba de cumprir os seus deberes coa Patria, cumpría unha función social moi digna de ter en conta pola axuda que os equipos de Primeiros Auxilios e Axuda na Estrada prestan ós seus semellantes, a asistencia a doentes e anciáns, etc. etc. Outros dicíanlle que se fixera «insumiso» ou «obxector de conciencia» e que fixera un servizo sustitutorio, que podería ser no Concello, axudando en tarefas que lle foran encomendadas, etc. etc. De cada familiar o seu consello.

Pero Xacobe non estaba de acordo con ningunha das solucións que lle ofrecían, e el, erre que erre, non estaba disposto a facer o servizo militar.

O tempo achegábase e o Xacobe foi citado no Concello para inscribirse na lista de mozos correspondente, e presentar -se así o estimaba- as alegacións pertinentes que, segundo a súa estima, eximirían de ir ó servizo.

Persoouse na oficina do Concello, e alegou que el era deficiente mental, é dicir, que estaba tolo.

Pasado algún tempo, Xacobe foi chamado á Caixa de Recrutamento da Coruña, para facerlle un recoñecemento acorde coas alegacións que fixera, e alá se foi á Coruña. Chegou á Caixa de Recrutamento, e foi levado ó pé dun suboficial que estaba nun despacho e sentado detrás dunha mesa chea de papeis e expedientes. O suboficial colleu un impreso e comenzou a cumprimentalo.

- ¿Como se chama?

- Xacobe Otero Gómez.

- Nome de seus pais..... onde naceu..... que día naceu..... onde vive.....

etc. etc.-

Xacobe, xa canso de tanta pregunta, díxolle:

- ¿E para que quere saber vostede todo iso?. ¿Que lle importa?

E collendo unha morea de papeis de enriba da mesa escomezou a


chimpanlos ó chan, e o mesmo fixo co cinceiro, emborcándoo o guindando as cabichas ó chan, e deseguido púxose a dar saltos e a remexer todo canto atopaba. O suboficial saíu correndo ó despacho do lado chamando polo capitán para que vise aquel tolo; e o capitán ó ver aquilo, ordenou que viñera o equipo médico para que o recoñeceran de contado, como así foi.

Mandáronlle ler, e dixo que non vía ben; trataron de facerlle un test, e só contestou tonterías, e de seguido mandárono para a casa, aínda que xa cavilaban en dalo por inútil «por deficiencia mental».

Polo serán, Xacobe, unha vez que estaba na Coruña, aproveitou para ir ó cine, e deuse a casualidade que na butaca do lado sentouse o Xefe do Equipo Médico que o recoñeceu pola mañá, quen ó reparar no rapaz, díxolle:

- ¿Pero ti non es o que veu pola mañá a recoñecemento médico alegando «deficiencia mental» e escasa visión?. ¿Como entón estás no cine?.

- ¡Como no cine! ¿Pero isto non é o «IASA» que vai a Betanzos? - respostou Xacobe, facéndose o tolo. E saiu correndo polo corredor adiante, como alma que leva o demo.



X O SISTEMA CEBOLA

Xa hai tempo, pois eu aínda era novo abondo, un serán de verán, xuntámonos, no paseo do Campo, un bo fato de amigos, e logo de comentar longamente as últimas novas xurridas no pobo, e xa cando levabamos un bo anaco de tempo paseando, un fixo a proposta de ir merendar ó viño do país, aducindo -a maior abundamento- que puxera o ramo a adega do curmán de Xaquín de Mauro, que como xa sabían soía ter bo viño, e tiña un espaller na porta da casa e por diante da adega, onde se debía estar moi ben á sombra naquelas horas.

A idea foi ben acollida e, de seguido, distribuíronse para coller uns bocadillos e outras miudezas, e un foi á casa a buscar uns roxóns e unhas tripas cocidas que tiña preparadas a súa dona; e alo nos fomos.

A adega estaba chea de xente; as mesas todas ocupadas; e moitos esperaban pacientemente a que quedase algunha baleira, para dar boa conta da merenda que levaban, e regala -a poder ser- abundantemente, se o viño era do seu agrado.

Un dos membros do noso grupo reparou nun dos clientes da adega, -por certo veciño da miña rúa, home dun moi agudo sentido do humor, e cunhas teorías filosófico-económicas moi persoais- que ocupaba el só unha mesa aló o fondo do espaller, co agravante de que tiña a cabeza deitada enriba da mesa e durmía profundamente; polo que lle dixo ó dono da adega:

- Oíu, ¿por que non esperta a Chinto e dille que os demais tamén queremos comer un bocado e beber unhas xarras de viño?.

- Xa o espertei tres veces, contestou o adegueiro, pero de contado volve a coller o sono.

- ¿E por que non o bota dunha vez?, ¿Ou é que paga pousada?.

- Pois mira, xa vedes que está un pouco cargado, e cada vez que o esperto, pide a conta, e paga.

- ¡Home, non me parece moi ético pola súa parte, se é que lle cobra de todas as veces! ¿Pero, alá vostede!

Nunha ocasión en que Chinto abriu os ollos, pedímoslle permiso para compartir a súa mesa, ó que Chinto accedeu. Tomamos asento e comezou unha longa estadía, onde se comeu, bebeu, cantou, etc., e onde Chinto tivo oportunidade de expoñer as súas teorías sobre filosofía e economía,

salpicando todo iso con substanciosas anécdotas. Por exemplo: Os contulios -algún deles no paro, ¡como non!-, facían un repaso sobre a falta de traballo e sobre o desastre da economía, facendo fincapé en que ningún dos sistemas económicos vixentes ofrecían solucións serias a curto prazo para reactivar a economía e poñer freo á inflación; e chegados a este punto, terciou Chisco, e sentenciou:


- O sistema perfecto para solucionar eses problemas da economía, é o sistema cebola.

Como ninguén entendera, dixo un:

- Expláiate mais, Chisco. ¿Cal é o sistema cebola ?.

- Si ho si; quer dicir que o sistema económico a seguir é copiar das cebolas. Que os cartos foran como as cebolas, que non valeran dun ano para outro, e así nonse empetarían, correrían mais polos mercados, e distribuiríanse nun abano máis amplo.

E de seguido esgotou outra media xarra de viño ó meu amigo Santiago Salanova



XI A DESCONFIANZA DO PAISANO

Unha tarde, en que un grupo de amigos estabamos nunha adega de viño do país, onde nos dispoñiamos a dar boa conta dunha empanada de zamburiñas, que se presentaba sabrosísima, e que esperabamos regar abundantemente coa correspondente dose do noso «viño cadete», como o bautizara Alvaro Cunqueiro, entre os asistentes atopábase un rapaz, galego como todos os demais, empregado de banco que cando entrou a traballar na Empresa, foi destinado a unha Sucursal das que a Entidade financeira tiña aberta en Madrid, e contounos unha anécdota que lle sucedera naquela sucursal bancaria, cando xa levaba na mesma uns cantos meses.

Resulta que, nas primeiras horas da mañá, cando aínda polas rúas de Madrid se sente a frescura, e cando o noso amigo se atopaba no mostrador de atención ó público, viu como entraba no banco unha persoa que, polas súas maneiras, a súa presenza, a súa pinta, e por outra banda por esa intuición natural que temos os galegos, pareceulle que o presunto cliente era paisano, e dispúxose a atendelo -se iso fose posible-, con maior amabilidade que a habitual.

O cliente acercouse ó mostrador e o noso amigo saudouno cortesmente.

- ¡Buenos días señor!, ¿Que deseaba?.

- Pues verá señor, yo tengo una libreta de ahorro de este banco y quisiera sacar todo el dinero que hay en ella.

Ó escoitalo falar, ó noso amigo xa non lle quedou a menor dúbida de que o seu interlocutor era tamén galego, e, ó atoparse cun paisano, tratou de principiar unha conversa.

- Vostede non é de eiquí, señor. ¿Non sí?.

- Pois non, eu sonlle de Chantada, da provincia de Lugo, e estou pasando uns días en Madrid, na casa dunha filla que está casada, e ela e o seu home traballan, xa hai uns anos, nesta capital.

- Pois eu sonlle tamén de aló, eu son de Noia.

E así rompeuse o xelo, e acabaron falando un rato da nosa terra, namentres o funcionario ía preparando a documentación pertinente para atender os desexos daquel cliente; incluso, para que non se molestase en

pasar pola caixa, foi el persoalmente a buscar os cartos, e puxo todo enriba do mostrador; os documentos que debía asinar e os cartos que ía levar.


Cando xa estaba -como dixemos- todo no mostrador, o paisano, de súpeto, díxolle ó funcionario que o atendía:

- ¡Oíu, así todo moi mala xente hai no mundo!

- ¿Por que di iso señor?. ¿Pasoulle algunha cousa?; - inquiriu o do banco.

- Pois verá, como lle dixeran, eu estou pasando uns días na casa da miña filla, que vive nesta mesma beirarrúa aló embaixo, e onte ó serán, eu baixei á rúa, para tomar un vasiño de viño na adega que hai ó pé da casa; e alí mesmo, na mesa que estaba á beira da miña, estaban catro señores falando, e dicían que este Banco andaba moi mal, é dicir, que non tiña cartos; e por iso vin eu hoxe pola mañá para saber se iso era certo ou non, e xa vexo que era unha mentira porque -polo menos- os meus están, así que faga o favor, volva a gardarmos outra vez.

E despois de empuxar os cartos cara ó funcionario, despediuse do seu paisano cunha aperta de mans.



XII O PAVO DO NADAL

Un conveciño da miña cidade, que se desenvolvía en numerosos campos de actividades, pois o mesmo o atopabas dirixindo a industria herdada dos seus devanceiros, que inmerso nos problemas da construción na que tamén andaba, ou mesmo prestándolle atención ás labours agrícolas ou a unha pequena gandería que tiña establecida nunha leira pechada -toda ela- de arbustos, onde tiña porcós, galiñas, coellos, parrulos, gansos, faisáns, etc. Eu nunca puiden saber de onde aquel home sacaba o tempo para atender a tantas cousas.

Claro que o noso personaxe sempre tivo ó seu arredor, persoal moi cualificado dentro das tarefas que desenvolvía, e así, na leira onde tiña os animais, contaba coa colaboración dun labrador, que tiña todo aquilo coidado como un xardín, e onde sempre había plantadas colleitas -para consumo da casa- con tódos os produtos propios da nosa bisbarra, e aínda de produtos que non eran moi frecuentes nas leiras das Mariñas dos Condes; as árbores froiteiras podadas e fumigadas adecuadamente, daban saborosos produtos; e os animais disfrutaban dos mellores coidados e recibían os pensos axeitados e os tratamentos fitosanitarios indicados; abríalles as cortes pola mañá, para que andaran ceibes pola leira, e recollíalos ó serán; e os parrulos e os gansos deixaba que foran ó río que pasaba preto da leira.

Chegado o outono, e cando xa as colleitas foran feitas, o patrón, nunha das visitas que a cotío facía á leira e ós animais, díxolle ó labrador:

- Uxío, has de separar un par de parrulos, os que che parezan mellores, e ímolos cebar para o Nadal; un será para mín, e o outro para tí.

- Señor, pero eu non sei como hei facer esa tarefa. - Respostou o labrego.

- ¡Ben!, Nese caso, vai pola casa, e a miña dona xa che dará instrucións sobre como has cebar os parrulos. - Dixo o patrón.

E así, despois de recibir as instrucións pertinentes, foi como Uxío se dispuxo a ir cebando aqueles animais, os cales, chegada a época do Nadal, presentaban un fermoso aspecto, e notábase unha notable diferenza, tanto en tamaño como en peso, cos outros exemplares do fato.

Chegou o vintedous do Nadal, e o patrón dixo ó labrador:

- Uxío, hai que matar os parrulos, xa que é hora de preparalos para a

cea de Noiteboa, e como che dixer, levas un para a miña casa, e o outro lévasllo á túa dona para que o prepare para vós, ¡e que vos aproveite e que teñades unhas felices festas de Nadal!

Uxío, matou os parrulos, desplumounos, limpounos, sacoulles os miúdos, etc., e levou un á casa do patrón e o outro para a súa casa.

Pero velaquí que chegada a cea de Noiteboa, na casa de Uxío non foi posible comer o «pavo», de duro que estaba, iso que a súa dona deixou unha noite enteira ó sereno, para que o curtira o frío da noite. Por iso, cando despois de pasar os días das festas do Nadal, volveu a estar co patrón, preguntoulle:


- ¡Señor!, ¡Vostede disculpe a pregunta!, ¿Puideron comer o pavo?.

- ¡Como non!, ¡Estaba delicioso!, ¡Acabamos chupando os dedos! - Dixo o patrón.

- Pois na miña casa non foi posible comelo de duro que estaba. ¿Pero logo, como o prepararon?.

- Pois despois de ben limpo, dáselles aceite e sal por dentro e por fóra, logo échese, pónenselle taquiños de xamón e touciño e os miúdos, noces, figos, pasas e améndoas, todo picadiño; trufas, etc. etc., o que non sei con certeza é as herbiñas e as especias que lle pon a miña dona, e xa está listo para asar, debendo usar -iso sí- un bo viño para o asado; e xa che dixer que estaba estupendo.

- ¡Non me estraña que todo iso estivera tan exquisito, pero tampouco era imprescindible poñer o parrulo por fóra, cun saqueto era abondo!- Sentenciou o labrego.



XIII O SENTIDO DO OLFATO

Anselmo era un home moi experimentado, a quen a vida non tratara moi ben, e ó que el colaborou abondo, pois sempre foi bastante cabeza tola.

Anselmo era un bo tipo, esvelto e con porte señorial, sempre ben vestido, pero case sempre cos petos baleiros; non se facía nunca de rogar, para aceptar unha invitación no bar ou no café; nunca, nunca había que facerlle unha segunda oferta, sempre aceptaba á primeira.

Anselmo, cando era rapaz, entrara a traballar na Compañía de Ferrocarrís do Oeste de España, onde botou unha longa estadía, e onde obtivo unha grande experiencia administrativa, especialmente no relativo a seguros e accidentes, departamentos onde desenvolveu a meirande parte do seu traballo na Compañía.

Mais, por causas que aquí non veñen a conto, Anselmo tivo que deixar a Compañía, e dende entón, camiñou dando tumbos pola vida, traballando hoxe aquí, mañá aló, e despois acolá; iso cando atopaba traballo, que cando non o tiña, Anselmo paseaba a súa esvelta figura polas rúas da cidade, ou esgotaba as horas machacando as fichas do dominó contra o mármore das mesas do café, ata que, xa un pouco maduro, atopou un traballo -xa fixo- como administrativo-contable, nunha pequena empresa instalada preto da estación de ferrocarril de Betanzos-Infesta.

Como Anselmo fora empregado da antiga Compañía de Ferrocarrís (unha das precursoras de Renfe), o persoal de RENFE tiña moitas atencións con el, e entón Anselmo, abusando un pouco desa situación, aproveitaba para ir de Betanzos ó traballo e para volver o ferrocarril, sen sacar nunca billete.

E, un día ó serán, cando Anselmo regresaba do seu traballo en Infesta, ó chegar o ferrocarril á estación de Betanzos- Pueblo, tivo un pequeno choque contra un tren de mercadorías que se atopaba estacionado na mesma vía, por onde entraba o novo convoi.

O choque mesmamente foi imperceptible, pois os maquinistas xa ollaran as unidades do mercancías, e entraron amodiño, amodiño, na estación. Pero Anselmo, que aínda tiña dentro dos seus miolos todas aquelas disposición sobre seguros e accidentes, de cando traballaba

naquel Departamento na Compañía de Ferrocarrís, de contado se dispuxo a sacarlle partido a aquela situación.

O primeiro que fixo, ó comprobar que non había feridos nin lesionados, foi pedirlle o billete a outro viaxeiro, e xa cun billete no peto, dirixiuse ás oficinas da Estación para dar conta de que el observaba que tiña dificultades no nariz, motivadas polo choque, e que non tiña olfato.

O empregado que recibiu as súas queixas non era quen de conter a súa risa, pero Anselmo -sempre moi serio- insistía nas súas queixas, e así foi como estas quedaron rexistradas.

Pasados uns días, Anselmo foi citado para ser sometido a un exame médico, realizado por facultativos da Compañía. Anselmo expuxo ós médicos os síntomas que tiña, e dende logo, que dende o golpe do choque, nun ulfa nada de nada.

Un dos médicos foille acercando o seu nariz, primeiro: unha planta de xeraniumos que alí había; e nada, Anselmo veña a dicir que nada, que non ulfa nada; logo: un pouco de vinagre; e tampouco; e así foille pasando un lote de produtos; ata que o outro médico presente, máis veterano nestas situacións, colleu do seu maletín un frascoño con amoníaco, e díxolle a Anselmo:

- Inspire profundamente.

Anselmo así o fixo, e dúas enormes bágoas correron polas súas fazulas.

- Nada, nada; non ulo nada. - dixo Anselmo.

- Repita -, dixo o médico, - Inspire más fuerte.

E de novo bágoas abundantes rodaron polas fazulas e un ataque de tos safu dos seus pulmóns.

- Nada, nada, non percibo nada.

- ¿Pero logo, por que chora? - dixo o médico.

- E que me estou acordando de cousas moi tristes que me teñen pasado.


- ¡Ben!, nese caso haberá que dar curso ó seu expediente de accidente, e haberá que volvelo a examinar dentro dun prazo prudencial de dous ou tres meses, e de persistir a deficiencia, haberá que valorar a incapacidade que vostede mostra.

Anselmo fixo de tripas corazón, pasou, como a primeira vez, todas as probas que lle fixeron, ¡e safu coa súa! ¡Cobrou unha indemnización grande abondo! ¡O olfato é o olfato, e non se pode perder!

XIV O VINTETRES !

Aló polos anos 1940.... e ata o 1948, tódos os que naquel tempo eramos rapaces lembrámonos da boa saúde de que gozaba aquela Sociedade, que aínda hoxe botamos de menos en Betanzos, e que foi o «Liceo Recreativo de Artesanos», sobre todo no terreo económico, derivado isto das taxas que a Sociedade cobraba ós seus socios e ós visitantes por xogar a calquera dos xogos en que era posible xogar alí.

Eu penso -aínda agora- que, o «Liceo», era unha das Sociedades máis lúdicas que se podían atopar. Fagamos un pouco de memoria e lembremos os xogos que alí se practicaban:



Nos salóns da sociedade podíase xogar: ó parchís, á oca, ás damas e ó xadrez; coas cartas xogábase á brisca, ó tute -en tódas as súas variantes-, ó mus, ó tresillo, ó «giley» e o poker -tamén en diversas variantes-, co dominó: ó chamelo, á garrafina e ó dominó; e non sei se me esquece algún; ¡si!, á lotería.

Na sala de billar, e na mesa de tal xogo, xogábase: ás carambolas, ó «morito», ás trinta e unha e ó «pratillo», e.... «no salón do crime», como lle chamabamos nós, e ó que -por suposto- non nos deixaban entrar, ¡alí si que se xogaba!, alí xogábase ó «bacarrat», ó monte, ó styk-poker, e sobre todo ó bombito.

O «bombito», era unha ruleta de vintecinco números, do número un ó vintecatiro, e o cero que era o número do banqueiro; e xogábase exactamente igual que á ruleta de trinta e seis números que hai en tódos os Casinos do mundo. ¡E as apostas eran saborosas!

En Betanzos, e naquel tempo e nalgúns establecementos de café-bar tamén se xogaba unha ruleta de seis números, e ó xogo chamábanlle: «o minilí», pero no «Liceo» non se xogaba.

Lémbrome dunha anécdota que ocorreu co «bombito».

Para desenvolver o xogo, as bolas do sorteo, en número de 25, e numeradas do 0 ó 24, metíanse dentro dunha botella de coiro, do tamaño aproximado dunha botella de vidro de 3/4 de litro, remexíanse ben, e dábasete saída a unha bola que ostentaba o número premiado. Non se sabe por que, a bola co número 23 saía nunha porcentaxe moito máis alta que o resto das bolas. Chegou a sospeitarse que esta bola pesaba máis que as outras, e ¡claro!, ó darlle volta á botella para sacar a bola pola súa vinca, o 23 ó pesar máis caía antes, e ese era o motivo da súa alta porcentaxe de premio.

Entón, a directiva do «Liceo» acordou pedir a unha acreditada casa de subministrados de material para xogos, un xogo de bolas, naturalmente numeradas do 0 ó 24, todas elas calibradas, é dicir, dunha medida exactamente igual para todas, e do mesmo peso todas elas, e que todas collesen -á vez- na base da botella; para que ningunha tivera vantaxe na saída.

E chegou a mercancía encargada; foi examinada por aqueles que se consideraban máis entendidos, e que foran os que deran máis razóns para xustificar que o 23 saía máis veces que as outras bolas, e deron o seu «visto e praxe».

Entón decidiuse que aquel día sería estreado o novo xogo de bolas.

A expectación era grande entre os que xogaban de maneira cotiá.

Chegaron as bolas á sala de xogo, foron limpadas e abrillantadas polo empregado da Sociedade, na presenza dos asistentes, e introducidas na botella; fixéronse as apostas, remexéronse as bolas durante case un minuto, dáselle a volta á botella, sácase a bola, e ¡emoción!, ¡o banqueiro canta o número extraído!: ¡o vintetrés!

¡Ben, iso é unha casualidade!, foi o comentario xeral entre a xente que o presenciou.

Vólvense a realizar as apostas, reméxese de novo «o bombito», sácase a bola, e o banqueiro canta de novo: ¡o vintetrés!

¡Isto xa é unha coña!, foi todo o que se oíu.

Pero debo dicir que, de aí en adiante, o vintetrés tardou en saír.

XV ... OUTRA DE XOGO



No último conto relatado, estabamos a falar dos xogos de salón que se desenvolvían na Sociedade do Liceo, aló entre os anos 1940 ata o 1948. E puxemos o límite neste ano porque nos lembramos de que ás trece horas vintecinco minutos do día seis de xaneiro do devandito ano de 1948, o edificio do Arquivo de Galicia, onde estaba establecido o «Liceo», veuse abaixo, e con iso, o «Liceo» andou dando tumbos por diversos locais, ata que foi reconstruído.

Pois ben, o xogo «de categoría» -por chamarlle dalgunha maneira- é dicir, onde as apostas eran elevadas abondo, non desapareceu despois de caer o «Liceo», senón que nun primeiro piso dunha casa moi céntrica, onde no seu baixo había unha adega, e nunha habitación grande puxéronse as mesas de xogo e alí seguiron as partidas.

Os habituais xogadores do «Liceo», seguiron facendo partida neste sucedáneo de Casino, ós que se engadiron outros que, por non ser socios de «Liceo», antes non tiñan acceso ás dependencias da Sociedade. E tamén era moi frecuente atoparse con persoas que se desprazaban dende A Coruña, dende Lugo, dende Noia, e dende Compostela, co cal as partidas animábanse moito.

Como é ben sabido, naquelas datas, os xogos de azar non estaban permitidos, e era bastante perseguido o labor.

Pois ben. Un día, que por certo era feira en Betanzos, e ó serán, presentáronse naquel piso onde se xogaba uns señores vestidos de blusóns negros como a noite, e portando cada un a súa vara, é dicir, como van vestidos os tratantes de gando, polo que dado a súa presenza estimábase que a partida ía ser animada, xa que é xente que manexa moito carto.

A noticia da presenza dos tratantes de gando na partida correu como regueiro de pólvora, e diso encargouse principalmente o adegueiro do baixo, o que fixo que a concorrencia de persoal fose maior que o normal naquela hora do serán.

Deu comezo o xogo, e os tratantes de gando non participaban nel, ante a estrañeza do resto dos asistentes que esperaban ver unha partida onde as apostas foran moi fortes. E así transcorreu un bo anaco de tempo; e, de pronto, cando o xogo xa estaba animado, aqueles tratantes

de gando déronse a coñecer: ¡eran policías!; pararon a partida e comunicaron ós presentes que tiñan orde de detelos por xogar ós xogos prohibidos, e comezaron por redactar o correspondente atestado, onde ían recollendo os datos persoais, domicilios, etc. etc., de cada un, e facendo constar que se estimaba eran profesionais do xogo.

Cando lle chegou o seu turno ó Sr. Antón, un velliño que era bastante asiduo a estas xuntanzas, aínda que naquela ocasión non participara nada no xogo, despois de dar todos os datos que lle pediron, díxolles:

- Pero miren vostedes; xa puideron comprobar que eu non xogaba, que eu só estaba de mirón.

- ¡O estar de mirón aínda ten máis pena que xogar! - dixo o policía que o estaba interrogando.

- ¡Ben! dixo o Sr. Antón. Pois sendo así, entón tan sequera poña que xogaba un peso; pero que eu non son profesional, se acaso sería «provisional».



XVI

«A GATA DE ANGORA»

Eu tiña un conveciño, do que non era moi doado facerlle unha semblanza dado o seu xeito; pero un bo día, nun diario da capital, e na colaboración que tódos os días fai Carlos Casares -magnífica colaboración por certo, para o meu gusto-, e que chama xenericamente «á marxe», douma feita ó realizar a dun coñecido seu -«Lisardo de Tatarí»- que, pola similitude debía ser irmán xemelgo do meu conveciño.

Di Carlos Casares que Lisardo «era vago, ocorrente e simpático, encanallado co viño e o licor podre e barato das tabernas. Non era home grande, senón todo o contrario, un miscarda pequeno e insignificante, tipo piollo. Dicía que o peor de non ter moito corpo era a falta de espacia para meterlle máis tralla polas noites, cando marchaba cara á casa -nunca cedo, por descontado,- dando tumbos polas rúas, porque non lle quedaba sitio nin sequera para un grolíño final».

Pois tal como describe Carlos Casares a «Lisardo Tatarí» así mesmo, tal cal, era o meu conveciño; en troques profesionalmente era unha boa persoa que se defendía moi ben no seu oficio; o que pasaba era que case nunca estaba cordo para poñerse ó traballo, e ademais como se deitaba sempre tarde, nunca madrugaba para traballar, e cando escomenzaba a aclarárselle a cabeza, era xa medio serán, e o que facía era voltar para a taberna, e veña a empezar outra vez.

Unha noite de inverno (xa máis ben unha mañanciña) cando o noso protagonista ía de retorno cara á súa casa, ben cheo de viño, coma sempre, e medindo a rúa de banda a banda, atopou cunha veciña que ía cara ó Convento para oír a Misa da Alba, e como naquelas datas o frío era intenso ía abrigada e envolta nun chal negro como a boca do inferno, que lle daba un aspecto lúgrube e fantasmagórico. Esta dona, tiña unha gatiña de angora, animal lindo e agarimoso porque sí, e que lle faltaba da casa dende había algúns días, e que non daba atopada por moitas xestións que fixo preto da xente da súa bisbarra, preguntando a uns e outros. E cando ela reparou no seu veciño, e coñecedora do seu costume de trasnoitar, virou cara a el e díxolle:

- ¡Ai, Fulano!, ti que andas tódas as noites por aí, ¿non verías a miña gatiña de angora?.

- ¡Amodo, miña dona!, ¡Vostede confundiu-se! ¡Eu andarei peneque, pero o que non ando é á «xaneira».

Cortouse o diálogo, e cada un seguiu o seu camiño.

XVII

«O MÁIS TRISTE DOS PRIVILEXIOS»!

Cando eu era un neno, tódos os rapaces tiñamos moi arraigados unha farta de principios éticos e morais, onde non era o menor deles o respecto ás persoas maiores, principio que hoxe -desgraciadamente- parece perdido.

Lémbrome que nas escolas había un libriño que se chamaba «URBANIDAD», onde se teorizaba sobre a maneira de comportarse cos demais e onde se aprendían eses principios ético-morais de que estabamos a falar, que eran sempre resaltados polo mestre, e que despois cadaquén levaba á práctica na súa vida cotiá. É unha gran perda que se esquecera aquel libriño, pois eu que aínda fixen moitas xestións en librerías para recuperalo, non fun capaz de volvelo a atopar.

É moi difícil atopar hoxe un rapaz que, galantemente, ceda o paso pola beirarrúa a unha persoa maior, e moito menos cederlle o asento nun banco público ou nun transporte. Eu lembro que cando estaba facendo a «mili», collía o coche de liña Betanzos - A Coruña ás oito e media da mañá, e normalmente atopaba sitio para sentarme, pero pouco a pouco, o coche ía enchéndose, e cando chegaba a última parada de Guísamo, á altura de onde se atopaba naquel entón o Cuartel da Garda Civil, xa ía cheo; e invariablemente subía unha señora que traballaba na Coruña, e xa viña directamente cara a min, porque xa sabía que eu ía deixarlle o asento; feito do que non me arrepinto nin moito menos.


Claro que hai xente que non está por estas normas de urbanidade e educación respecto ós maiores, ou tamén pode ser porque non se resignan a perder a xuventude e resístense a ser maiores e moléstalles que exerzan con eles esas elementais normas de educación. E a este respecto, lémbrome dunha anécdota que me aconteceu unha noite de inverno en que facía un temporal de auga e vento máis que regular, cando eu ía deixar os salóns da desaparecida sociedade «Liceo Recreativo de Artesáns», e ó abrir a porta que daba á rúa, atopeime cunha persoa maior, funcionario xa xubilado, a quen eu respectaba grandemente (o seu nome aquí non vén ó caso), e ¡claro está!, eu arredeime e díxenlle:

- ¡Pase, por favor, D. Fulano!
- ¡De ningunha maneira! ¡pase vostede! Respostou.
- ¡Faga o favor, pase que se está mollando! .



- ¡Dixen que non! ¡Non paso! ¡É o máis triste dos privilexios, e non o admito!-. Expresou.

- ¡Alá vostede! . E non me quedou máis remedio que pasar a porta antes que el; unha, para non seguir rifando; e outra, para que non seguira mollándose.



XVIII O VIAXANTE

Quico era un neno dunha aldea preto de Betanzos, era moi moreno, parecía mouro, tiña uns ollos negros, vivarachos, que parecía que desprendían chispas, e unha expresión na súa faciana, sempre sorrinte; en fin, era un deses nenos agradecidos no seu trato.

Quico, como tódos os nenos da aldea, colaboraba cos seus pais nas tarefas da casa e do campo.

- ¡Quico, vai buscar un caldeiro de auga ó río! -, dicíalle súa nai.

O río era un regato dun pequeno manantial, que corría pola beira da eira da casa, onde o pai de Quico amañara un lavadeiro, e onde se servían de auga para tódas as faenas da casa.

- ¡Quico!, ¡érguete da cama galopín, e vai levar a vaca marela a pacer un pouco polo cómaro do fondal da eira! - E aló ía Quico coa vaca.

Quico empezou a ir á escola a Betanzos, ós seis anos, e de seguido fixo amigos, tanto cos que viaxaban no mesmo autobús, como cos compañeiros de grupo do Colexio, pois Quico era aberto no seu trato e gustáballe relacionarse cos outros nenos, sobre todo cos da cidade, pois decatábase de que tiñan outros costumes, de que sabían outros xogos, e el quería sabelo todo.

Quico foi un neno aplicado no Colexio -era intelixente- e logo se gañou a estima dos mestres polo que traballaba no estudio e o formal e serio que era nas súas cousas, pero Quico tiña un pequeno defecto físico, Quico era un pouco tatexo, é dicir, prendía un pouco ó falar, defecto que se lle agudizaba en canto se poñía un pouco nervioso; tanto é así, que había mestres que procuraban non facerlle preguntas para que contestara oralmente, senón que lle facían exames escritos, porque xa sabían que algúns compañeiros facían risa cando Quico tatexaba na clase; tamén os mestres e a psicóloga do Centro dábanlle consellos e normas a aplicar cando estivera só, para corrixir -no posible- o seu defecto.

Quico foise facendo un homiño, e cando acabou a E.X.B., como a seus pais non lles era doado mandalo a Betanzos a facer o B.U.P. ou a F.P., pediulles se a tía Andrea, irmá de seu pai, que vivía na Coruña, podería levalo con ela e alí buscar un chollo, e, se poidera, traballar e seguir estudiando. E así foi, Quico foise para A Coruña, e de alí a pouco entrou a traballar de pinche nun Almacén de Coloniais, e, logo de saír do

chollo, ía a unha Academia onde se foi adentrando na Informática e na Contabilidade, e tanto é así que o patrón pronto reparou nas cualidades de Quico, e á volta de pouco tempo, levouno para as oficinas, onde pouco a pouco foi escalando postos na confianza da Empresa.

En certa ocasión Quico tivo que suplir a un dos viaxantes da Empresa que tivera un accidente, e tivo que facer a ruta onde estaba incluída a súa aldea, onde aínda vivían seus pais.

Quico foi ata a súa aldea e entrou na taberna do tío Xervasio; estes establecementos xa sabedes que son uns verdadeiros caixóns de xastre, pois o mesmo podes mercar dous metros de corda que un peso de pemento, ou mesmo unhas alpargatas que un silabario; pois ben, Quico entrou e saudou cortesmente ó tío Xervasio, e a Manoel do Chato, outro veciño que estaba a tomar un vasiño de viño; e o tío Xervasio dixo:

- ¿E logo Quico, que milagre ti por aquí? .

- Pois...xa...xa ve, o...Pepe, o...via...viaxante, man...man...mancouse, e...e...tiven que...que substituílo eu pa...para vir a...a...vender .

O Manoel do Chato riu porque non lle cadraba que o Quico fixera labor como viaxante dado o seu defecto, e o tío Xervasio dixo:

- ¡Pero home! ¿Non habería na empresa outra persoa para saír a viaxar e falar cos clientes, sen ter que ser ti? .

O Quico que xa estaba un pouco farto pola retranca do Xervasio e do Manoel sobre o seu falar, e molesto pola súa postura contestou:

- I...I...Iso mesmo lle...lle...lle dixen eu ó...ó patrón; pe...pe...ro el di...xo:


«Mi...mi...mira neno, pa...pa...para a me...me...merda de...de...clientes que...que...que...hai ne...ne...nesa zona, es...es...ti...abondo».

E como o tío Xervasio non necesitase ningunha mercancía, o Quico despediuse: «¡Ata outra... mellorada!».

XIX ... EU TAMBIEN LAS LLEVO!

Manoliño era un mozo que eu coñecín, accidentalmente, en Madrid, xa que aló reparei nel porque me chamou a atención o seu forte acento galego cando pregoaba a súa mercancía polas rúas preto de onde eu vivía.

Un día parei con el para mercarlle froita, e logo de preguntarlle de onde era e dicirlle que eramos paisanos, pois eu era de Betanzos, xa se rompeu o xeo e despois de conversar un bo anaco de tempo, contoume a



súa historia e como chegara a montar a súa industria na capital da nación.

Manoliño era da parroquia de Castroncán, do Concello de Samos, aló nas serras da provincia de Lugo. Os pais de Manoliño -Gaspar e Andrea-, tiñan unha pequena explotación agrícola-gandeira-forestal, da que malamente ían vivindo e criando ós seus fillos, pois ademais de Manoliño, tiñan outro fillo que se chamaba Andrés; e aínda que Gaspar e Andrea xa ían sendo maiores, non tiñan o tempo para poder cobrar a xubilación, que para a xente do campo supón unha grande axuda.

A vida no seu lugar non era doada; as súas terras de labradío eran escasas e explotadas por métodos tradicionais onde o sacho e o arado romano aínda eran de común dominio, e os cultivos case reducidos ó centeo (tanto para gran como para alcacer), ás patacas; moi pouco de horta iso que as terras baixas do lugar chegaban á beira do río Sarria; e nabos, que ademais de servir para manter o gando, daban -¡iso si, hai que recoñecelo! -, uns grelos moi saborosos; e despois diso moi pouco máis, agás o produto da gandería, reducida á venda de dous ou tres becerros ó ano e ó aproveitamento do leite para a casa e para facer queixo para consumo propio. Os pinos dos montes, eran para vender cando había que tapar algún burato producido na economía familiar, ou cando había que facer algún gasto extraordinario. E todo iso acadado con moito traballo diario; pois ó traballo do campo hai que engadirlle o do coidado do gando e manter os montes limpos por mor do lume, ese castigo que persegue á foresta galega.

Pois ben, con esa perspectiva de vida, a Andrés -o irmán de Manoliño- chegoulle a hora de ir servir ó Rei, e tocoulle en sorte o facer o seu servizo militar, en Madrid. Aló, Andrés empezou a descubrir o mundo, e tomou a decisión de non voltar a Castroncán cando fose licenciado. Dende que tomou esa decisión foise orientando para que cando chegara o momento tivese un «chollo» onde gañar a vida; e como o traballo non o asustaba (pois máis duro sería na súa casa), logo quedou concertado cun patrón para comezar a traballar de seguida que fose licenciado, como así foi.

Andrés foise abrindo camiño na vida a golpes, pero sempre traballando honradamente, e logrou asentarse en Madrid.

Pasado algún tempo, Andrés escribiu a seus pais, para que deixaran ir a Manoliño pasar uns días con el a Madrid, e así foi como Manoliño baixou con seu pai, unha mañanciña, á estación de Sarria, e colleu o tren cara a Madrid, onde xa seu irmán o ía esperar á estación de Príncipe Pío.

En Madrid, Manoliño, mentres seu irmán ía traballar, andaba polas rúas, sempre preto da casa onde vivían, para non perderse, e ía reparando en todo canto había, todo lle chamaba a atención; e logo, cando Andrés voltaba do traballo íalle mostrando o que lle parecía máis importante daquela cidade enorme.

Unha mañá, en que Andrés librara do seu traballo e ían camiñando cara ó mercado de Legazpi, Manoliño díxolle a seu irmán:

- ¡Ti oes, Andrés?. ¡Xa levo cavilando uns días sobre o mesmo asunto! ¡Se me axudas un anaco, eu podía montar unha pequena industria, coma eses que van polas rúas cun carro que levan cheo de paxetiñas de taboas finas, con froitas para vender! ¡Eu estou seguro que ía gañar a vida moi ben, e non voltaría a Castroncán, pero axudaría dende aquí ós nosos pais! .

- ¡Pero Manoliño, ti non te decatás do simpáticos que son esas xentes e con que gracia pregoan a súa mercancía: ¡Fresas de Aranjuez!, ¡Melones de Villacónes!, ¡Naranjas de Valencia!, ¡Cerezas del Bierzo. ¡Melocotones y Espárragos de La Rioja!, etc. etc. ¡E ti que ías facer -¡mal pocadiño!- se nin tan sequera falas castelán.-

Pero Manoliño non se apeou da súa idea, e tódos os días machacaba a seu irmán co mesmo tema da súa «industria»; ata que un día o Andrés xa cheo de escoitalo, díxolle:

- ¡Ben!, ¡vou axudarche no que me pides, pero enténdeo ben, se che vai mal, has volverme ata a última peseta!

E así foi como o Andrés mercoulle un carretón e encheullo de caixas de froitas; e así foi como Manoliño saíu unha mañá cediño, polas rúas madrileñas, coa súa «industria» rodante.

Aló nas primeiras horas da tarde, Manoliño volveu ben canso á súa casa, pero cheo de ledicia e coa satisfacción de que vendera toda a mercancía. Comeu, e botou unha hora de sesta, que ben gañada a tiña, e cando chegou o Andrés e preguntou como lle fora, ¡non o cría!

- ¡Pero como fixeches?. - Preguntou o Andrés.

- Pois mira -dixo Manoliño-, eu fun á busca dun que levara un carro con mercancía como a miña e púxenme a andar detrás del. Como ti ben dicias el ía berrando: ¡Fresas de Aranjuez!, ¡Melones de Villacónes!, etc. etc., e eu ía detrás: ¡EU TAMBIÉN LAS LLEVO!, ¡EU TAMBIÉN LAS LLEVO! e así foi como vendín todo.

E así foi como Manoliño empezou coa súa «industria», e segundo me dixo, da que está moi satisfeito, pois hoxe xa ten catro carros de venda,

que rexentan outros tantos rapaces que levou de Castroncán, ademais do seu. ¡Ah!, por certo que agora xa pregoa a mercancía sen ter que recorrer a: ¡EU TAMBIÉN LAS LLEVO!



XX O «A B C»

Luís era un rapaz que eu coñecín cando el era estudante en Compostela, aló polos anos cincuenta. Luís estudiaba Dereito. ¡Ben!, o de estudar é un falar, pois Luís dende que comezaba o curso ata o mes de maio, facía de todo menos estudar. Como el mesmo dicía: «Tiña unha forte alerxia ós libros» e arredábase deles todo o que podía. ¡Un auténtico lacazán!

Luís vivía, con outros estudantes, nunha pensión que naquel entón había preto da Fonte de San Antonio, e nunca se erguía denantes da hora do xantar. Levantábase sobre as nove da mañá, almorzaba e viraba para a cama ata a hora de xantar.

Luís era un «manitas» -iso si, sempre polo serán-, facía tódas as chapuzas eléctricas da pensión, incluída unha trampa no contador da luz para que non andara no inverno cando enchufaban uns pequenos quentadores eléctricos que o mesmo servían de calefactores que para quentar un pouco de café cando os compañeiros quedaban a estudar polas noites e as luces estaban bastantes horas acesas; e como naquel tempo os aparatos de radio non estaban ó alcance dos petos dos estudantes, argallou un aparato de galena que se oía con auriculares, que estaba na súa habitación, habitación que compartía con Pedro un estudante de Medicina, da provincia de Ourense que, por certo, andando o tempo chegou a ser Catedrático na Facultade de Medicina de Santiago; pois ben, naquel artiluxio de galena, Luís fixo derivacións ás outras habitacións dos compañeiros, sendo así que todos podían disfrutar das emisións de Radio Galicia de Santiago de Compostela, que era a única emisora que a galena recollía.

Luís era un dos estudantes daquela época que era indispensable, e sempre estaba presente, en todas cantas parrandas se organizaban en Compostela; era membro da Tuna, pois tocaba bastante ben a guitarra e tiña unha moi agradable voz; nunca faltaba ós guateques que cada curso ou cada Facultade organizaban case sempre no Hotel Compostela; estaba sempre listo para comparecer; con tal que non houbera libros por medio, servíalle calquera desculpa para troulear!


E o bo de todo é que entre a convocatoria de probas de xuño e a de setembro, el ía sacando -a trancas e barrancas- os cursos. Valíase dos

apuntes dos compañeiros, e asistía a algunha conferencia pronunciada polo serán por algún Catedrático que impartía clases no seu curso para que o vise, e chegado o mes de maio pechábase a estudar e sacaba adiante o que podía.

Para amosar a súa posición ante os libros, lémbrome dunha conversa que tivo unha mañá, con Pedro, estando eu con eles na habitación da pensión.

Pedro ía saír cara a rúa e díxolle Luís dende a cama:

- ¿Pedro, vas saír á rúa?.
 - Si, teño que recoller uns apuntes na casa de Anxo, «o de Ribeira».
 - Pois cando volvas tráeme o periódico. - dixo Luís .
 - ¿Cal queres que che traia. - Preguntou Pedro.
 - ¡Calquera menos o ABC, que ten forma de libro! -sentenciou o Luís.
- Eu penso que iso retrata, exactamente, o xeito do Luís.



XXI A CADELA DE MAXIMINO

Cando eu era un cativo, había no noso pobo un fato de cazadores que facían o seu faladoiro -sobre todo nas datas da caza-, na relojería do «Peineiro», que se atopaba no empezo da rúa dos Prateiros; lembro que era fácil atopar alí a Jaime Costas, Pepe Veiga, Raimundo Garma, Bernardo Bonilla Manolo Fernández Folla (Manolo Puga, para os amigos), Isidro Otero (o dono da relojería), o Sr. Penín, etc. etc.... e Maximino.

Maximino era un home baixiño e chepudo, algo maior en idade que o resto dos seus compañeiros, pero segundo todos eles cos que ía de caza, no monte Maximino axigantábase. Coñecía, palmo a palmo, tódos os montes da comarca, e sempre tiña uns cans tan adestrados, que eran a envexa de tódos os cazadores; sabía dos niños da perdiz, coñecía os lugares onde había tobeiras de coello e onde había lebres e, cando tocaba a campá de Espenuca para avisar ós cazadores da presenza dos xabaríns, Maximino era sempre o primeiro en comparecer e os seus cans os primeiros en fustigar as pezas.

É de todos coñecido como tanto os pescadores como os cazadores son dados a esaxerar as súas andainas, e os do faladoiro da relojería non eran unha excepción, e unha tarde do verán de calor abafante mentres na relojería citada ía fresquiño, alí estaban varios dos cazadores habituais comentando sobre das virtudes dos seus cans.

Un falou, e non paraba, do seu Ramí -que así se chamaba o can- un animal de raza Teckel, fiel, cariñoso e solícito, intelixente e capaz de aprender con facilidade; limpo na casa, gardián fiable e sempre alerta na finca, valente e acompañante imprescindible para a caza, e segundo dicía o seu amo, non se desprendería del por nada do mundo.

Outro falou do seu Terrón, un can de raza Cocker spaniel galés, de cor branca e vermella escura intensa, un can gran venteador e cobrador de primeira clase, e aínda que non era moi frecuente na súa raza, un gran buscador de presas entre as matogueiras, case case poderíamos dicir que cazaba sen cazador; con dicirvos - seguía o amo-, que o último día que fomos cazar, trouxo catro pezas sen disparar nin un só tiro, queda dito todo.

Os interlocutores calaron, pero quen máis quen menos, non o creu. De seguida, outro falou dun Basset, ó que chamaba Tamí, e do que

dicía que era o mellor rastreador da comarca, aínda en terreos moi difíciles; veloz e resistente coma ningún, pero o mellor que tiña o can era a súa intelixencia. Dicía que, tódos os días, ás oito e media da mañá en punto, petaba coas súas poutas na porta do seu dormitorio, para que lle dera o cestiño e os cartos para ir polo xornal; eu póñolle os cartos dentro do cesto, que prende cos seus dentes, abre a porta da rúa, que xa a miña María deixa entornada cando sae para a praza; vai ata o quiosco de venda, e volta co xornal que me trae ó meu leito.

Maximino, que xa estaba cheo de oír tantas parvadas, interveu, e co gallo de taparlles a boca dixo: ¡claro!, eu non podoo presumir de cans de raza de tanta alcurnia (aínda que xa sabemos que tiña uns cans moi ben adestrados), pero teño unha cadela de palleiro que non envexa nada a Tamí en intelixencia, aínda que eu preferiría que non fose tan intelixente, xa que a miña Tula, que tal era o nome da cadela, tamén vai buscar todas as mañás o xornal ó quiosco de venda, pero sempre chega de volta a casa cunha ou dúas horas de retraso, ata que xa canso de esperar tanto a cotío, cheguei a sospeitar que a cadela tropezaría cun can amigo todas as mañás, e de aí a tardanza; polo que tomei a decisión de seguila unha mañá. Así cando a Tula saíu da casa, boteime a camiñar detrás dela; foi camiñando seguídiño ata o quiosco da venda de xornais, colleu o do día coa boca e tomou camiño de volta a casa; pero a miña sorpresa foi que cando chegou á Alameda, subiuse a un banco e púxose a ler o xornal con toda a calma, co que quedou xustificada a súa tardanza cotiá.

Os cazadores do faladoiro miráronse uns a outros sen facer ningún comentario, e cun ¡Boas tardes!, fóronse marchando co rabo entre as pernas, ata deixar só a Maximino.

XXII A TEORIA EVOLUCIONISTA DE CHARLES DARWIN

Quiquiño era un neno feuchiño, segundo o calificaba -cariñosamente- un bo amigo meu, quen sempre sostiña que: «de pequenos todos fomos nenos lindos», pero que o que pasara con Quiquiño era que chegara tarde ó reparto de facianas, e, o pobriño, tivo que conformarse



coas sobras que quedaban, ¡e así saíu el!, por iso eu penso que, o de feuchiño que dicía o meu amigo, era por non crearlle un trauma ó neno, ¡porque feo é con avaricia!; e por enriba aínda hai que engadir que, se a faciana de Quiquiño era como era, tampouco o seu corpo tiña desperdicio, pois precisamente non era un Adonis. Tiña os brazos moito máis longos que o normal, co cal as mans case lle chegaban ós xeonllos; era zambo, e con algo de chepa; así que vostedes, con estas notas, xa poderán facer un retrato de como era o pobriño de Quiquiño, e coído que non sairá moi favorecido.

Pois ben, Quiquiño empezou as clases deste curso académico, xunto cos nenos da súa idade, a maioría dos cales xa foran compañeiros seus en anteriores cursos; o que lles cambiou foi o Mestre, que foi un dos que chegou de novas este ano ó Colexio, e ó que lle asignaron o grupo onde estaba Quiquiño.

Un dos primeiros días das clases, o Mestre empezou a falarlles ós nenos sobre as pasaxes bíblicas acerca da creación do mundo e a creación do home, e transcribíalles do Xénesis:

«Dixo Deus: Fagamos o home á nosa imaxe, conforme á nosa semellanza.... E creou Deus ó home á imaxe súa: á imaxe de Deus foi creado; home e muller foron creados. E Deus bendiciunos...»

Noutra pasaxe do Xénesis -comentou o Mestre- di:

«Deus formou o home do po da terra, insufloulle no seu nariz profundo sopor, e o home durmíu. Quitoulle unha das súas costelas e con ela fixo á muller...»

Chegado a este punto, «Quiquiño» -que estaba moi atento- ergueu o seu brazo, fixo acenos coa man, e preguntou ó Mestre:

- ¿E certo que todo ocorreu así?.

- ¡Por suposto que así foi, meu neno!,- dixo o Mestre.

- Pois vostede verá, Sr. Mestre. Precisamente onte, despois da cea, estabamos a falar na miña casa meu pai, meus irmáns e mais eu sobre ese asunto da creación do home, e meu pai dixo que había un home, que se chamaba Charles Darwin, que aseguraba que nós decendiamos -por evolución- dos monos.

- ¡Mira neno, nós estabamos a falar en xeral, de como apareceu o home na terra, e dille a teu pai que na escola non nos interesa a historia da vosca familia, en particular!-

¡Magister, dixit!

XXIII O ANEL DE CASILDA

Eu aínda lembro que cando cativo, e ía de paso para Oza, onde pasaban unha tempada curta no verán meus irmáns, xa me chamaba a atención aquel lugar onde había aquela carballeira tan grande, e eu envexaba aqueles nenos que sempre alí estaban a xogar.

Cando fun medrando, a carballeira seguía a gustarme, pero funme dando conta de que, ademais de lugar para xogar os nenos, tamén era un sitio de importancia para o desenvolvemento económico daquela parroquia, pois alí tiñan lugar unhas feiras moi sonadas que viñan a celebrarse os días vinte de cada mes, e seguramente, da celebración das feiras nesa data, veña o nome do lugar, xa que eu de sempre coñecino como: «O Vinte».



Mesmo fronte á carballeira está a Igrexa Parroquial, de estilo románico, construída na segunda metade do século XII; ten unha nave, e un ábside rectangular, cun curioso rosetón no testeiro. O arco triunfal é apuntado, sobre columnas adosadas; e a bóveda do ábside, de canón de igual directriz.

Aquela carballeira, que a min tanto me chamaba a atención cando era cativo, hoxe está dedicada a área de descanso, dotada de xogos para os nenos, e mesas e bancos para os maiores, así como pequenas lareiras para asar sardiñas ou chourizos, ou facer churrasco; e preto da carballeira un campo de fútbol.

Por certo que, unha tardiña do pasado mes de maio, eu estaba lendo, sentado nun banco da carballeira, e á miña beira sentadas noutro banco, estaban: a Casilda e a tía Marica da Roca, que estaban esperando que o crego abrise a porta da Igrexa para ir rezar o Rosario, pois é costume facelo así no mes das flores.

Casilda era solteira e moza de Manolo do Río eu coído que dende a prehistoria; e nestes intres, contáballe á tía Marica de Roca que antonte rifara co Manolo. Contáballe que estaban sentados naquel mesmo banco falando, e, de repente ela díxolle ó Manolo:

- ¡Manolo!, ¡Xa levamos trinta anos de mozos! ¿Non pensas que é moita hora de casarmos?.

E el contestoume:

- ¡Casilda! ¡Iso do casorio é unha cousa moi seria!, hai que pensalo moi despacio e non precipitarse!

A min, tía Marica, pareceume moi mal o que me dixo o Manolo; así que, cando cheguei á miña casa, decidín rachar para sempre co meu mozo; e por enriba é que cheguei á conclusión de que o Manolo está cheo de defectos.

A tía Marica da Roca, tratou de limar asperezas e díxolle:

- ¡Casilda!, ¡Ten sentidiño, miña nena, que xa non sodes nenos para estar nesas andainas! E se así o fas, e se non é moita a pregunta, ¿vaslle devolver aquel anel e aqueles pendentes tan bos e tan bonitos que che regalara o Manolo?.

- ¡Ai non señora!, dixo Casilda, ¡De ningún xeito, o Manolo está cheo de defectos, pero o anel e os pendentes non teñen ningún!

E neste tempo chegou o crego, abriu a Igrexia, e aló se foron as dúas mulleres seguindo a súa conversa.

XXIV O TELÉFONO

Hoxe xa non causa sorpresa a ninguén o ver ou oír falar por teléfono en calquera sitio. Dende que se popularizou o uso do teléfono móbil estamos a tropezarnos na rúa, continuamente, con xente que quieta ou andando, está -teléfono en ristre- fala que fala, e ás veces un ten que escoitar como está a botarlle unha bronca ó seu interlocutor; ou á forza tes que enteirarte de cousas que nin nos van nin nos veñen.

O peor destes teléfonos móbiles é que se deixan sentir nos sitios e nos momentos máis inoportunos, pois tanto vostedes coma min témolos escoitado nun comedor dun hotel ou dun restaurante, no cine ou nun concerto, poño por caso, como ocorreu hai pouco, e onde o timbre do tal teléfono desconcentrou ó director, e este tivo que cortar a actuación da orquestra.

Claro que os avances tecnolóxicos sempre son de agradecer, pois aparte dos pequenos inconvenientes que nos poidan traer, temos que sopesar as vantaxes que nos ofrecen, pois aínda un lembra como funcionaba o teléfono hai sesenta anos -máis ou menos- e como funciona agora en que podemos falar con calquera parte do mundo, no instante en que se nos antolla, marcando directamente o número do abonado con quen queremos falar.

Hai iso, sesenta ou setenta anos, o teléfono funcionaba deste xeito.

Os teléfonos operaban a través dunha centraliña, á cal se chamaba facendo xirar unha manivela -que tiñan incorporada- e que había que facer xirar no sentido en que camiñan as agullas do reloxo. Ó facer esta manobra, na centraliña soaba un timbre, e do lugar reservado a cada abonado, caía unha chapíña que deixaba ó descuberto un burato e que lle indicaba á operadora dende que número se chamaba. Daquela, a telefonista, introducía no burato unha caravilla e establecía a correspondente comunicación; e preguntaba -iso si sempre moi amablemente- o desexo do abonado que chamaba; este solicitaba o número co que quería falar e, a telefonista tomando outra caravilla, parella á que tiña introducida, colocábaa no burato do número solicitado, facía xirar a súa manivela e establecía a comunicación entre ambos abonados.

Se a solicitude era para un teléfono doutra Central Telefónica, había que pedilo previamente a aquel Centro.



Por exemplo, eu falaba a cotío, con Biar, unha vila da provincia de Alicante, e entón eu solicitaba o número de abonado de Biar. Betanzos tiña que pedir conexión á Coruña, A Coruña a Madrid, Madrid a Alicante, Alicante a Villena, e Villena conectaba con Biar.

Así se explica que algunha vez tivera que esperar ata vinte e catro horas para poder falar.

Algúns sabiamos que, se se lle facía á manivela do teléfono o xiro en sentido contrario ó camiñar das agullas do reloxo, no cadro da Centraliña caían tódalas chapiñas, e, a operadora tiña que voltar a subilas todas ó seu sitio, co cal, cando un estaba farto de chamar e chamar, sen ter resposta (seguramente porque tiñan moito traballo), e chegar ó cabreo, facía o xiro ó revés, para descargar a adrenalina, e amolar á telefonista.

Máis adiante, estes teléfonos de manivela foron substituídos por outros xa semiautomáticos, é dicir, desaparecen as manivelas, e para facer a chamada á Central, descolgábase o teléfono e automaticamente xa contestaba a telefonista.

Temos que salientar que, con este sistema, xa non se podía amolar á telefonista de turno máis que golpeando reiteradamente, sobre o soporte do teléfono, pero non se lle facía nada no cadro.

Con este sistema de intervención das telefonistas-operadoras, dábanse casos curiosos e ocorrían cousas nas que as telefonistas daban mostra do seu celo polo servizo, e a amabilidade por atender ós abonados.

Un exemplo disto é que por norma xeral ninguén pedía que o puxeran con tal número, senón que xa se lle dicía á telefonista: ¡Por favor!, póñame coa casa de Fulano de Tal. E, de seguido, a telefonista facía a conexión pedida. Tanto é así que, nunha ocasión, un señor díxolle a telefonista: «¡Por favor!, chámame á casa de D. Fulano de Tal que quero falar con el»; ó que a telefonista contestou: «Mire, voulle chamar ó Liceo, que de seguro que lle está alí. A estas horas non lle está na casa». E así foi.

¡Como verán o servizo era moito mellor e máis eficiente que se fora automático como hoxe!

Tamén sei dunha demostración que un señor de Betanzos lle fixo a un amigo coruñés para demostrarlle o automático que era o teléfono aquí na nosa cidade, naquel tempo ¡claro está!

As telefonistas, ademais de saberse de memoria tódos os números dos abonados, que pasaban dos mil, tamén te coñecían pola voz, e así, aquel señor, en presenza do seu amigo, descolgou o teléfono e díxolle á

telefonista: «¡Fulanita! (aquí o nome da operadora), ¡Ponme coa miña casa!» E así foi; sen dicir quen era nin o número do seu teléfono, conectárono coa súa casa, co asombro conseguinte do seu amigo.

Cando un está sentado detrás da fiestra, vendo como pasa o tempo, vanlle chegando, unha detrás doutra, lembranzas doutros tempos, e como estabamos a falar do teléfono, venme ó maxín un caso que lle pasou a un vello amigo da aldea, que veu a Betanzos a visitar a unha filla que aquí tiña casada.

O home chegou á casa da súa filla, e invitárono a pasar uns días con eles; e como tanto ela como o seu marido ían traballar fóra, o meu amigo quedaba na casa só a maior parte do tempo. A filla dicíalle que se saía á rúa, que fora con tino, e que non se esquecera do camiño de volta á casa, pero o mellor era que se necesitaba algunha cousa a pedir por teléfono, para o cal tivo que ensinarlle como funcionaba, e que de contado lla traían á casa.

A filla deixoulle os números da froitería, da tenda de comestibles, da peixería, etc., etc., etc., escritos nunha lista.

Unha mañanciña, o meu amigo quixo ir mercar un par de zapatos, e como non tiña na súa llista de teléfonos ningunha zapatería, para pedirlle a súa dirección tentou de chamar por teléfono a información de Telefónica para que lle deran algúns números de zapaterías, para logo dirixirse a elas.

Non fixo máis que descolgar o teléfono e de seguida escoitou: ¿Número?.

O meu amigo quedou abraiado. ¿Como saberían xa que pensaba mercar uns zapatos e xa lle preguntaban polo número que calzaba?.

Pero el tampouco se cortou e respondeu:

- ¡O corenta pequeno!, ¡E gústanme de punta aguda!

Hoxe, como sabemos, estas anécdotas non poderían darse, pois coa tecnoloxía moderna podemos marcar -directamente- con calquera teléfono por moi lonxano que estea; e podemos molestar a cotío facendo soar os timbres dos teléfonos móbiles, na Igrexa, no cine, en reunións, no Parlamento, ou na aula onde se está a celebrar un exame.

ÍNDICE

LIMIAR, por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL.....	7
I.- POUÇOS E ESCOLLEITOS.....	13
II.- A CARNE DO COCIDO, DE CRISTOVO.....	15
III.- O TRANCAZO DE CRISTOVO.....	17
IV.- CUESTIÓN DE EDUCACIÓN.....	19
V.- XURXO.....	21
VI.- ¡PERCEBES!.....	23
VII.- SERVIR Ó REI.....	25
VIII.- O MARQUÉS.....	27
IX.- O DEFICIENTE MENTAL.....	29
X.- O SISTEMA CEBOLA.....	31
XI.- A DESCONFIANZA DO PAISANO.....	33
XII.- O PAVO DO NADAL.....	35
XIII.- O SENTIDO DO OLFATO.....	37
XIV.- O VINTETRÉS.....	39
XV.- ... OUTRA DE XOGO.....	43
XVI.- A GATA DE ANGORA.....	45
XVII.- O MÁIS TRISTE DOS PRIVILEXIOS.....	47
XVIII.- O VIAXANTE.....	49
XIX.- ... EU TAMBIÉN LAS LLEVO.....	51
XX.- O "A B C".....	55
XXI.- A CADELA DE MAXIMINO.....	57
XXII.- A TEORÍA EVOLUCIONISTA DE CHARLES DARWIN.....	59
XXIII.- O ANEL DE CASILDA.....	61
XXIV.- O TELÉFONO.....	63

ESTE LIBRO DE
MARCELINO ÁLVAREZ LÓPEZ
CONTOS DE ONTE
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI
EN BETANZOS
O 17 DE MAIO DO 2000
DÍA DAS LETRAS GALEGAS